

### **ANUNCIO DE LICITACIÓN:**

Por Decreto da Alcaldía de data 30/04/2012, aprobouse o expediente do contrato de xestión do servizo de “Cafetería-Conserxería Centro Social Vilar de Santos”, e o prego de cláusulas administrativas particulares.

#### **1. Entidade adxudicadora:**

- a) Organismo: Concello de Vilar de Santos
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría
- c) Número de expediente: 2/2012

#### **2. Obxecto do contrato.**

- a) Tipo de contrato: Xestión servizos
- b) Descrición do obxecto: “Cafetería-Conserxería Centro Social Vilar de Santos” na modalidade de concesión

#### **3. Tramitación e procedemento:**

- a) Tramitación: Urgente
- b) Procedemento: Aberto

#### **4. Tipo de Licitación:** Canon 1.200 €/ano (ó alza)

**5. Garantías esixidas.** Definitiva (5% do importe da oferta economicamente máis ventaxosa, mínimo 500 €).

#### **6. Obtención de documentación e información:**

- 1. Entidade: Concello Vilar de Santos
- 2. Enderezo: Rúa Celanova nº 77
- 3. Localidade e código postal: Vilar de Santos, 32650
- 4. Teléfono: 988 465883
- 5. Fax: 988 465863
- 6. Perfil do contratante: <http://www.vilardesantos.com>
- 7. Data límite de obtención de documentación e información: A de presentación de proposicións.

#### **7. Requisitos específicos do contratista:**

- a) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: Deberá a creditarse polos medios previstos no prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) Clasificación: Non requerida

**8. Criterio de valoración das ofertas:** Para a determinación da oferta máis ventaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados co obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do TRLCSP, e co previsto na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares.

#### **9. Presentación de ofertas:**

- a) Data límite de presentación: Ata as 14:00 horas do oitavo día natural posterior á publicación deste anuncio no BOP. Se o derradeiro día fora sábado ou inhábil o prazo rematará o seguinte día hábil.
- b) Documentación para presentar: a que se indica no prego de cláusulas administrativas particulares.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vilar de Santos, Rúa Celanova nº 77, Vilar de Santos, 32650, Ourense.

#### **10. Apertura de ofertas:**

As 12:00 horas do segundo día hábil (excepto sábado) seguinte ó que remate o prazo para a presentación das ofertas, no salón de sesións do Concello de Vilar de Santos.



11. Gastos de anuncios: Por conta do adxudicatario.

**Vilar de Santos, 7 de maio do 2012**  
**O Alcalde.**  
**Asdo.: Xoán Xosé Jardón Pedras.**